

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios colectivos

CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA "SETEX APARKI, SA, ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE RETIRADA, INMOBILIZACIÓN, DEPÓSITO E XESTIÓN DE COBRAMENTO DOS VEHÍCULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA DO CONCELLO DE VIGO".

Código de Convenio número 36004291012008

Visto o Acordo da Comisión Negociadora polo que se aproba o texto do convenio colectivo da empresa SETEX APARKI, SA, adxudicataria do servizo de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública do concello de Vigo, suscrito en representación da parte económica, por unha representación da empresa, e da parte social, polos delegados de persoal, en data 9 de maio do 2016.

Primeiro.—Dito Convenio foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 10 de xuño do 2016.

Segundo.—Que no mesmo non se aprecia nengunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en perxuizo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.—Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.—Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.—Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,



Esta xefatura territorial,

A C O R D A:

Primeiro.—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010)

Segundo.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.—Ordenar a notificación desta Resolución a Mesa Negociadora do mesmo.

**CONVENIO COLECTIVO ENTRE A EMPRESA SETEX APARKI S. A,
ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE RETIRADA, INMOBILIZACION, DEPOSITO
E XESTION DE COBRAMENTO DOS VEHICULOS INDEBIDAMENTE ESTACIONADOS
NA VIA PUBLICA DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO E OS TRABALLADORES
QUE FIGURAN ADSCRITOS A ESTE**

CAPITULO I-DISPOSICIÓN XERAIS

ART 1º AMBITO DE APLICACIÓN, PERSOAL, FUNCIONAL E TERRITORIAL

O presente convenio será de aplicación a todo o persoal, que prestando os seus servizos no centro de traballo establecido na cidade de Vigo, estea contratado por SETEX APARKI S.A., adxudicataria do servizo de retirada, inmovilización, depósito e xestión de cobramento dos vehículos indebidamente estacionados na vía pública do termo Municipal de Vigo.

ART 2º VIXENCIA

O convenio entra en vigor a todos os efectos o día seguinte da súa publicación no B.O.P, agás os económicos que se retrotraerán ao 1 de Xaneiro de 2016.

O presente convenio entenderase prorrogado no seu contido, en tanto non sexa substituído por outro posterior.

ART 3º DURACIÓN

A duración do presente convenio será de dous anos e estenderase do 1 de Xaneiro de 2016 ao 31 de Decembro de 2017.

O devandito convenio entenderase automaticamente denunciado de ano en ano sen preaviso por ningunha das dúas partes.



ART 4º VINCULACIÓN Á TOTALIDADE

As condicións pactadas forman un todo orgánico e indivisible, e para os efectos da súa aplicación práctica, serán consideradas globalmente en cómputo anual.

No suposto de que a autoridade laboral non aprobase algún dos pactos contidos no presente convenio, este quedará sen eficacia práctica, debendo ser reconsiderado na súa totalidade.

ART 5º ABSORCIÓN E COMPENSACION

As retribucións establecidas neste convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza ou a súa orixe.

Os aumentos de retribucións que poidan producirse no futuro por disposicións legais de xeneral aplicación, só poderán afectar ás condicións pactadas no presente convenio, cando consideradas as novas retribucións en cómputo anual, sexan superiores ás aquí pactadas. No caso contrario, serán absorbidas ou compensada por esta últimas subsistindo o presente convenio nos seus propios termos e sen modificación ningunha nos seus módulos e retribucións.

ART 6º GARANTIA "AD PERSONAM". DEREITOS ADQUIRIDOS

Respéctanse as condicións superiores pactadas a título persoal que estean establecidas ao entrar en vigor o presente convenio, e que, con carácter global excedan deste en cómputo anual.

ART 7º COMISION PARITARIA

Créase una comisión paritaria de vixilancia, control e interpretación do convenio, que entenderá de aplicación deste. A dita comisión estará composta por un representante da empresa e outro dos traballadores, podendo ambas as dúas partes contar cos asesores que consideren necesarios.

A comisión reunirse a pedimento dunha das partes e, con carácter extraordinario, cando as circunstancias o fagan preciso.

Os acordos tomaranse por maioría entre ambas as dúas representacións e serán recollidos en acta

Os ditos acordos vinculan a ambas as dúas partes nos mesmos termos que o presente convenio, e incorpóranse a el como anexo.



Cando existan discrepancias referidas á interpretación xurídica das materias contidas no presente acordó, as partes poderán nomear de mutuo acordó un mediador que, unha vez aceptado o cargo, terá obriga de presentar no prazo de 48 horas o se ditame.

As partes deberán manifesta-lo seu posicionamento con respecto ó ditame, por escrito de xeito razoado, no prazo máximo de dez días.

3.2 Correspóndelle á comisión:

- a) A interpretación da totalidade do articulado ou cláusulas de convenio.
- b) A vixilancia do pactado.
- c) A facultade de conciliación previa naquelas cuestións que lle sexan sometidas de común acordó polas partes.
- d) Asegura-la non discriminación da muller, controlando a igualdade de trato.
- e) Procedemento para solucionar de maneira efectiva as discrepancias que poidan xurdir por non aplicar as condicións de traballo a que se refire o artigo 82.3 ET.

Diante da importancia que pode ter a resolución dos conflitos laborais as partes someteranse ao Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos Colectivos de traballo (AGA) asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as organizacións sindicais CIG; CCOO, UGT, as partes asinantes deste convenio durante a vixencia do mesmo acordan someterse ás disposicións contidas no AGA nos propios termos en que están formuladas.

ART 8º LEXISLACIÓN SUPLETORIA

Para todo o non previsto neste convenio, lle será de aplicación a Lexislación Laboral vixente, e en especial o R.D.Lexislativo 2/2015 do 23 de outubro, texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

CAPITULO II - ORGANIZACIÓN E CONDICIÓNS DE TRABALLO

ART 9º ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

A organización do traballo é facultade da Empresa, con respecto ás condicións contratadas co Concello e en especial corresponde á Empresa fixar sistemas de traballo, distribución de persoal, etc.



ART 10º DEFINICION DO PERSOAL

O persoal ao servizo da Empresa clasifícase atendendo ás funcións que desenrola do seguinte xeito:

ENCARGADO: É a persoa designada pola Empresa, que ten ao seu cargo ao persoal operario cuxo traballo dirixe, supervisa e coordina.

Ten responsabilidade do traballo, disciplina, seguridade e saúde laboral do persoal ao seu cargo e debe posuír os coñecementos suficientes para realizar as ordes que lle encomenden os seus superiores.

Confecciona o cadro das quendas de servizo do persoal ás súas ordes coidando e supervisando os relevos e asegurando que en todo momento se poida suplir as ausencias do seu persoal por vacacións, enfermidades, etc.

Acollerá os materiais e pedidos dando a conformidade en canto a contido e control de calidade do recibido.

Analizará os partes diarios do persoal de guindastre, para os efectos de coñecer as incidencias acaecidas no parque de vehículos e material auxiliar e as necesidades de mantemento xeradas.

Coordinará e colaborará coa Policía Municipal, transportes e outros servizos do Concello para un correcto funcionamento do servizo.

CONDUTOR GUINDASTRE: Ocúpase da condución da guindastre, a carga, retirada e traslado ao depósito municipal de vehículos e os traballos incluídos no prego de condicións, vixente á sinatura do convenio.

Encárgase de revisar periodicamente a situación dos niveis e estado en xeral do vehículo que vai utilizar avisando inmediatamente os seus superiores das avarías que detecte.

Ocúpase do coidado e manexo do vehículo asignado, e de todos os elementos e equipos que se atopan asignados a este para a prestación do servizo.

CONTROLADOR DE DEPOSITO: Persoa que cumprimenta os impresos diarios sobre o servizo, realizará o cobramento das taxas do depósito e emitirá a carga correspondente ao cidadán que retire o vehículo, procedendo á liquidación e arqueo de caixa coa periodicidade e formularios que en cada caso se estableza.



No suposto de que nas operacións de ½ enganche e outros, sexa o condutor da guindastre quen efectúe os cobramentos, as cantidades recadadas liquidaranse entre este e o controlador do depósito, quen á súa vez coida do destino e liquidación final do diñeiro, efectuando os movementos de caixa necesarios para o servizo sendo o responsable desta.

Dará entrada e asento, no libro de rexistro así como no ordenador, das entradas e saídas no momento de ser retirado un vehículo polo seu dono ou representante.

Encárgase do coidado e manexo da base de telefonía instalada nas dependencias do depósito, para a comunicación cos vehículos guindastre.

PEON ESPECIALIZADO: É a persoa que se ocupa da posta e retirada dos cepos dos vehículos que lle son indicados, realizando cando proceda o cobramento das taxas correspondentes.

Encárgase de revisar periodicamente a situación dos niveis e do estado en xeral do vehículo que vai utilizar avisando inmediatamente os seus superiores das avarías que detecte.

Ocúpase do coidado e manexo do vehículo asignado, e de todos os elementos e equipos que se atopen asignados a este para a prestación do servizo. Fará un pequeno mantemento como mínimo semanal, consistente na limpeza e engraxe dos cepos.

Durante o tempo que permaneza no depósito, realizará as tarefas que o encargado lle encomende con relación ao servizo que preste e a súa categoría.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO: É aquel persoal que ten o seu cargo e desenvolve, con axeitada preparación profesional, tarefas administrativas dos departamentos, Servizos ou Seccións da administración da empresa, exercéndoas con iniciativa e responsabilidade e que pode ou non ter persoal baixo a súa supervisión.

Debe saber detectar e resolver problemas operativos como erros de operación ou de máquinas.

ART 11º CONTRATOS

En materia de contratación laboral, estarase ó disposto na lexislación laboral vixente en cada momento e normas complementarias que a regulen, e, en especial, o R.D. lexislativo 1/95, do 24 de marzo, Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e modificacións posteriores.



ART 12º CAMBIO DE TITULARIDADE DA EMPRESA E SUBROGACIÓN DOS SERVIZOS

Co fin de regular a estabilidade de emprego dos traballadores desta actividade, cando a actual Empresa perda a adxudicación dos servizos contratados, a nova Sociedade adxudicataria ou Entidade que se faga cargo, estará obrigada a subrogarse nos contratos dos traballadores adscritos a estes servizos, calquera que sexa a súa modalidade de contratación.

A nova Sociedade ou Entidade que se faga cargo, estará obrigada a respectar todos os dereitos económicos e laborais dos traballadores, recoñecendo expresamente os seus representantes legais e estará obrigada a cumprir o Convenio Colectivo en vigor.

ART 13º XORNADA

Establecese unha xornada de 1781,5 horas anuais, distribuídas de luns a domingo exceptuando o seu descanso.

A xornada de traballo efectiva deberá ser realizada por cada traballador de acordo con fórmula de repartición de horario existentes no centro de traballo, dentro dos límites establecidos na Lei, en réxime de quendas e con carácter rotativo.

Enténdese como traballo efectivo a presenza do traballador no seu posto de traballo e dedicado a este.

A xornada de traballo estará supeditada en cada momento ás necesidades do servizo e nos cambios que nel poidan producirse, en función do contrato entre a Empresa e o Excelentísimo Concello de Vigo.

Os días efectivos de traballo virán determinados nos calendarios laborais, que para o efecto se establezan cada ano, contando con 14 festivos e cos días de vacacións.

O tempo para facer uso do dereito do bocadillo será de 30 minutos retribuídos, dito período farase coincidir, sempre que sexa posible, co do axente dá policía local.

No caso do recepcionista do depósito, este non poderá ausentarse das instalacións dá empresa e se por motivos do servizo no caso de facelo ten que reincorporase o seu posto de traballo antes dous 30 minutos, volverá a dispoñer do tempo de descanso.

Dado que no goce dos festivos, dáse un prazo de catro meses para gozalo tras xerar o dereito, no mes de Xaneiro de cada ano, computarase a xornada do ano anterior e aos traballadores que excedan dá xornada establecida no convenio colectivo, a empresa comprometerase a saldar con libranzas o devandito exceso de xornada, tal e como se regula neste convenio no primeiro cuatrimestre do ano seguinte, que se computará como tempo de traballo efectivo.



Cada trimestre natural a empresa proporcionará, para coñecemento do persoal, un listado coa relación dos días pendentes de desfrute por cada traballador, aos fins previstos no prazo establecido de catro meses.

ART 14º VACACIÓNS

A súa duración será de 31 días naturais ou a parte proporcional que lle corresponda, en función do tempo de permanencia na Empresa.

O período de desfrute das vacacións, será do 1 de xullo ao 31 de Agosto, de forma rotativa.

O traballador poderá optar polo desfrute das súas vacacións fóra do período vacacional establecido (1 de xullo ao 31 de Agosto), nunca no outro mes do período vacacional que non lle corresponda segundo o cuadrante rotatorio, tendo que solicitalo por escrito antes do 31 de marzo.

O traballador que opte por gozar as súas vacacións fóra do período vacacional se é pola totalidade, 32 días naturais ininterrompidos (31 días máis o día de gratificación), percibirá unha gratificación extraordinaria consistente en 350 € se o desfrute das vacacións é nos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, outubro e novembro; ou de 100 € se o desfrute é nos meses de xuño e setembro. Entendiéndose o inicio no primeiro día do mes, en caso de comezar en día de descanso, o inicio será ao día seguinte.

No caso de que opte polo desfrute no mes de decembro ou por quincenas non percibirá gratificación ningunha e só se incrementará a os días de desfrute un día máis (32 días naturais).

No caso de optar por dúas quincenas, o día natural que se incrementará poderá ser en calquera dos períodos a gozar, de mutuo acordo entre as partes.

Os traballadores fóra do cuadrante rotatorio tamén poderán solicitar o desfrute das súas vacacións fóra do período establecido, tendo que ser como mínimo unha semana natural, coas mesmas condicións antes mencionadas. Entendiéndose o inicio da semana en luns.

O cadro de vacacións terá que estar exposto e asinado pola empresa e delegados de persoal cunha anticipación de dous meses ao período de vacacións, e non podendo realizarse cambios unha vez asinado e exposto, exceptuando cando un traballador este de baixa no mes que teña vacacións, que terá que collelas fóra dos meses estipulados para as vacacións se lle pasase o seu mes correspondente. No caso de hospitalización, durante o período das súas vacacións o empregado/a terá dereito a que lle sexan compensados os días de internamento debidamente xustificadas, tamén fora do período de vacacións.



A situación de I.T. iniciada antes do inicio das vacacións e que se prolongase ata o transcurso destas, o traballador gozará o tempo que lle corresponda dentro do período vacacional asignado e negociará coa empresa o desfrute de mutuo acordo do resto fóra de este. En caso de ser alta fóra do período vacacional asignado, deberá negociar novamente estas entre o traballador afectado e a dirección.

Nestes supostos mencionados anteriormente non haberá compensación económica nin incremento de período.

Aqueles traballadores que o desexen poderán intercambiar as súas vacacións entre outros traballadores de igual categoría dentro do período vacacional establecido, por quincena natural ou mes completo, comunicándoo por escrito á Dirección do Centro con anterioridade á firma do cadro de vacacións.

En caso de comezar as vacacións coincidindo cun día de descanso, para aqueles traballadores que lles corresponda o desfrute no mes de agosto o inicio será ao día seguinte, mentres que para aqueles que lles corresponda o desfrute no mes de xullo o inicio será o día anterior, co obxectivo de que non coincidan traballadores de ambos os dous meses de vacacións á vez. Tamén poderán gardalos e gozalos fóra do período vacacional de mutuo acordo coa empresa.

ART 15º LICENZAS E PERMISOS

O traballador logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración de todos aqueles conceptos retributivos que non se atopen vinculados de forma expresa á prestación efectiva da actividade laboral, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- 18 días naturais en caso de matrimonio ou parella de feito, no caso de parella de feito acreditaranse co rexistro no concello ou organismo oficial.
- 6 días naturais, en caso de falecemento de cónxuxe ou fillos.
- 6 días naturais, en caso de enfermidade grave, hospitalización, de fillo ou cónxuxe. Neste caso no primeiro día de goce da licenza, o traballador comunicará á empresa se opta polo goce dos días continuados ou repartidos segundo a súa necesidade; sendo este segundo caso sempre que se manteña a hospitalización. Se se opta pola opción de repartir os días, sempre existirá como mínimo 24 horas de antelación na solicitude dos días de goce.
- 3 días naturais por intervención quirúrxica sen hospitalización, cando prescíbese repouso, de fillo ou cónxuxe.
- 4 días naturais en caso de falecemento, enfermidade grave, hospitalización, de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade.



- 1 día naturais en caso de falecemento de parentes de terceiro grao de consanguinidade ou afinidade (este permiso so poderase gozar unha soa vez ao ano por traballador).
- 4 días naturais por nacemento ou adopción de fillo/a. No caso de parto múltiple incrementarase en dous días mais por fillo/a
- 2 días naturais por cambio de domicilio, cando entre unha petición e outra haxa transcorrido como mínimo 2 anos. Se ou período e inferior a dous anos concederase unicamente un día natural mais.
- 1 día por matrimonio de fillo/a, irmán/a.
- Visita médica de fillos menores de idade e familiares dependentes que convivan co traballador, un máximo de 16 horas anuais para acompañalos.
- As/os traballadoras/es por lactación dun fillo menor de nove meses, terán dereito a aquilo regulado na lexislación vixente.
- Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber de carácter publico e persoal.

Cando o permiso ou licenza fose fora da provincia incrementarase en 1 día mais.

O traballador terá dereito a gozar de 4 días de libre disposición que como único requisito para a súa adxudicación se esixirá a súa petición por escrito cunha anticipación máxima de 15 días e mínima de 48 horas e un máximo dun traballador por quenda na categoría de condutores e de dous traballadores por día na categoría de recepción de depósito(en leste ultimo caso, computarase tanto a solicitude de libre disposición como de día acumulado por traballar ou librar en festivo).

De lestes días poderanse solicitar tres de luns a domingo e ou outro de luns a venres non ano 2016 e para o ano 2017 os catro días de luns a domingo.

Todos os días de libre disposición non se poderán gozar os días 24, 25, 31 de decembro, 1, 5 e 6 de Xaneiro e os días festivos.

Así mesmo, os días de descanso a que teñan dereito os traballadores como consecuencia de traballar ou librar un festivo, gozaranse de luns a venres (non festivos) que como único requisito para a súa adxudicación se esixirá a súa petición por escrito cunha anticipación máxima de 15 días e mínima de 48 horas e un máximo dun traballador por quenda na categoría de condutores e de dous traballadores por día na categoría de recepción de depósito(en leste ultimo caso, computarase tanto a solicitude de libre disposición como de día acumulado por traballar ou librar en festivo).



O goce realizarase como máximo catro meses despois de xerar o dereito. No caso de que o traballador este de baixa, o tempo da mesma no computara, non podendo excederse do ano natural.

Todo traballador que, unha vez transcorrido a metade ou mais da súa xornada de traballo se sentira doente, ou recibira notificación de accidente ou enfermidade grave dalgún familiar de ata terceiro grao, e tivera que abandonar o seu posto de traballo, con posterior xustificación, percibirá o importe total de dita xornada. Nestes casos a licenza comezará a cumprirse a partir do día seguinte.

Os traballadores da empresa poderán solicitar un permiso sen soldo dun mes, sempre que se pida con 15 días de antelación, fora do período vacacional, un único traballador a vez, e unha única vez durante a vixencia do convenio colectivo.

A empresa contestará as solicitudes de peticións de días libres nun período de 48 horas laborais de luns a venres, e sempre antes das 48 horas do seu disfrute o día seguinte no caso de solicitálo no último día de prazo.

No caso de coincidir máis traballadores na solicitude do goce, abordaranse as condicións e poderanse conceder máis licenzas sempre que se cubran os servizos máximos regulados polo Concello de Vigo, debido a estas condicións excepcionais, a concesión destes días non estarán reguladas polo prazo de contestación mencionado no parágrafo anterior e quedarán aínda unha vez concedidos, condicionadas ao cumprimento do servizo regulado.

A empresa dispoñerá dun prazo de 6 meses para regularizar o día de descanso, neste período de tempo non será computable nin o seu período vacacional nin a situación de baixa laboral do traballador. En caso de esgotarse o prazo complementarase ata o 100% do importe que lle correspondería cobrar ao traballador para contratar.

ART 16º RECOÑECIMENTO MÉDICO

A empresa concertará cunha empresa de servizo de prevención de riscos laborais alleo, unha revisión médica anual para todos os traballadores. No caso dos controladores se cubrirá a súa quenda dende o inicio ata que volte do mesmo.

ART 17º ANTICIPOS

Os traballadores terán dereito a solicitar un anticipo mensual sobre os haberes a reportar. O devandito anticipo deberá solicitarse antes do día 15 de cada mes.

Os traballadores terán dereito a solicitar un anticipo sobre a parte xenerada da paga extra.



ART 18º TROCO DE QUENDA

O traballador poderá trocar a quenda con calquera compañeiro, sempre que se cumpra a normativa vixente aos efectos de descansos, farase a notificación de troco 48 horas antes do mesmo e logo de cumprimento do parte correspondente, o cal, para a súa constancia, estará asinado polo encargado de servizo e polos traballadores implicados.

Para os días libres establecerase un bloc ou documento numerado con tres copias a maneira de factura. Dita documentación estará a disposición do persoal nas oficinas, das cales una copia será para empresa outra para o traballador e outra para os delegados de persoal, as solicitudes serán datadas.

No suposto dá necesidade dun troco fora do prazo establecido, poderá facerse a notificación cumprindo o parte correspondente sempre que se poida entregar ao encargado do servizo ou senón notificaráselle telefonicamente o mais pronto posible e sempre antes do comezo dá quenda.

En caso dá falla dalgún traballador, polos motivos que fosen, este troco deixara de ter efecto. Exceptuándose cando algún dos traballadores faltase no mesmo día e cando non se prexudique a prestación do servizo.

ART 19º MOBILIDADE EN QUENDAS E DIAS

Dadas as especiais características que contén o contrato co Concello e para garantir un bo funcionamento no servizo, se acorda un sistema de mobilidade de quendas e días de traballo para poder cumprir co regulado no prego de condicións.org

A. Cambio de quenda: O cambio de quenda de tarde a quenda de mañá ou quenda de noite terá unha compensación de 15€. No resto de cambios de quenda a compensación é de 20€

B. Cambio de día: dentro dos traballadores designados poderán cambiar coa empresa un día de descanso por outro de luns a venres, neste caso percibirán 30 €; se se cambiase un día de descanso de luns a venres por un sábado, o traballador percibirá a cantidade de 40€, se isto fose por un domingo ou festivo percibirá a cantidade de 50€, todas estas cantidades serán aboadas coa independencia do resto de pluses existentes.

A empresa regularizará o descanso, no caso de que o traballador rexeite o día de descanso ofrecido, perderá o dereito ao gozar do mesmo, agás se se atopa en situación de baixa ou goce dalgunha licenza ou permiso regulados no artigo 15 do presente convenio, nese caso ofreceráselle un segundo día.



No caso de que a empresa observe que as condicións temporais de porcentaxe de absentismo no persoal vaian impedir o ofrecer días de cambio, poderá optar por contratar co obxectivo de non acumular días.

ART.20º DESCANSO CUADRANTE

As partes acordan que no cuadrante de conductores na quenda de tarde do sábado na semana 14 convértese en descanso, pasando a traballar a mañá do venres da semana 12 (RM2). En calquera caso, garántese ós traballadores que no ciclo de 24 semanas se disfrutarán 7 periodos de descanso de sábados e domingos seguidos e ininterrompidos.

ART 21º PARTES

A empresa facilitará os delegados de persoal un resumo mensual das ausencias dos traballadores, onde figure a causa das mesmas.

ART 22º VACANTES

Cando se necesitase persoal por vacante ou calquer outro motivo, para garantir o bo funcionamento do servizo, a empresa adxudicataria recurrera prioritariamente ao persoal que ven traballando eventualmente para cubrir vacacións, baixas ,etc..

CAPITULO III CONDICIÓN ECONÓMICAS

ART 23º SALARIO BASE

O salario base do persoal afecto a este convenio, é o que para cada categoría se establece na táboa salarial anexa.

O salario base percíbese por día natural.

ART 24º ANTIGÜIDADE

O complemento persoal de antigüidade consistirá en tres bienios do 5% e posteriores quinquenios do 10% do salario base de cada categoría.

Os aumentos por anos de servizo, comézase a reportar a partir do día primeiro do mes seguinte en que se cumpra o bienio ou quinquenio.

ART 25º PLUS DE ASISTENCIA

Establécese un plus de asistencia para o persoal afecto polo presente convenio, na contía sinalada na táboa salarial anexa, abonándose por día efectivamente traballado.



ART 26º PLUS DE NOCTURNIDAD

Establécese un plus de nocturnidade, para todas as categorías, na contía de 13,50€ para el año 2016 y de 14€ para el año 2017 só para o persoal que realice o turno de noite regulado no cuadrante, abonándose por día efectivamente traballado.

ART 27º FESTIVO TRABALLADO

Para os traballadores que presten servizo nalgún dos catorce festivos anuais, establécese un plus de festivo traballado na contía de 45€ con independencia do seu día de descanso, este plus será constante para os dous anos de vixencia do convenio.

Domingos: establécese por cada domingo traballado un plus por un importe de 12,50€ para el año 2016 y de 13€ para el año 2017.

Farase un cadro anual de festivos que será asinado pola empresa e os delegados de persoal con dous meses de adianto ao remate do ano en curso para o ano seguinte, no que viran expostos os festivos que se traballan e rotándose estes cada ano exceptuándose ás quendas de noite.

Na rotacion establecida no cuadrante de festivos do persoal recepcionista de deposito incorporarase unha quinta persoa como novo posto de traballo. Este cuadrante sera rotatorio e mantendra o rexime de quendas de noite

ART 28º DIAS ESPECIAIS

O persoal que preste servizo na quenda de noite do 24 ou 31 de Nadal, percibirán como compensación a cantidade de 160 € na quenda de noite traballada, este plus será constante para os dous anos de vixencia do convenio.

O persoal que preste servizo os días 24 ou 31 de Nadal na quenda de tarde percibirán como compensación a cantidade de 50€ por tarde traballada, este plus será constante para os dous anos de vixencia do convenio.

E nos días 25 de Nadal ou 1 de Xaneiro o persoal que preste servizo en tódalas quendas percibirán como compensación a cantidade de 60€ , mais o importe do festivo, este plus será constante para os dous anos de vixencia do convenio.

Para as quendas de tarde dos días 24 e 31 de decembro, a empresa solicitará unha redución do servizo ao Concello de Vigo, da mesma forma que o teñen outras concesións municipais. En función do acordo que se poida alcanzar e das condicións que regulen o mesmo, poderase abonar ao persoal que traballe, o 100% da xornada, como compensación,



a cantidade resultante dos plus tarde dos días 24 e 31 de decembro que lle correspondería abonar aos traballadores beneficiados pola redución, este plus será constante para os dous anos de vixencia do convenio.

ART 29º PLUS EXTRA SALARIAL

Para suplir os gastos ocasionados polo transporte, establécese un plusextrasalarial pola contía establecida na táboa salarial anexa, aboándose por día efectivamente traballado.

ART 30º HORAS EXTRAS

As partes asinantes do presente convenio acordan a conveniencia de reducir o mínimo indispensable a realización de horas extraordinarias

As horas que teñan a consideración de extraordinarias, terán un incremento do 75% sobre o valor da hora ordinaria.

A empresa sempre e cando non se perturbe o normal proceso produtivo, poderá compensar a retribución das horas extraordinarias por tempos equivalentes de descanso.

ART 31º GRATIFICACIÓNS EXTRAORDINARIAS

Abóase a todo o persoal afecto polo presente convenio, tres pagas extraordinarias denominadas Verán, Nadal e Compensación Social conforme ás seguintes condicións:

A contía das pagas de Verán e Nadal será de 30 días de salario base máis antigüidade.

A contía da paga de Compensación Social será de 30 días de salario base.

O período de remuneración será o seguinte:

Verán: Do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.

Nadal: Do 1 de xullo ao 31 de decembro.

Paga compensación social: Do 1 de Xaneiro ao 31 de Decembro

A data de abono será a seguinte:

Verán: O día 15 de xullo.

Nadal: O día 15 de decembro.

Compensación social: O 20 de marzo do ano seguinte.



Sempre que ás datas de abono das pagas extraordinarias non sexan domingo, nese caso abonaríanse no día laborable seguinte.

ART 32º PAGA DE ABSENTISMO

Substitúese a paga de asistencia por un plus mensual de absentismo de 70€ para o ano 2016 e de 80€ para o ano 2017, exceptuando o período de vacacións. Deste plus de mellora de absentismo perderá o 33% o traballador que falte un día, o 66% se falta dous días, e o 100% se falta máis de dous días nun mes concreto, perdéndose isto na aplicación do mes das faltas.

Enténdese por falta de asistencia a falta xustificada ou inxustificada, agás ás horas sindicais.

As cantidades descontadas será aboadas ao traballador se ó finalizar o semestre no que se descontara a súa IPA (Índice Persoal de Absentismo), fose igual ou inferior a 4 días, entendéndose o ano natural en dous semestres.

Ou remate do ano abonarase unha paga de 500€, ou día 31 de xaneiro do ano seguinte ou computado, teniéndose en conta para o seu abono o seguinte::

- Se ou traballador falta por calquera motivo (exceptuándose unicamente as horas sindicais) un día, percibirá 300€.
- Se ou traballador falta por calquera motivo (exceptuándose unicamente as horas sindicais) dúas días, percibirá 200€.
- Se ou traballador falta por calquera motivo (exceptuándose unicamente as horas sindicais) tres días, percibirá 100€.
- Se ou traballador falta por calquera motivo (exceptuándose unicamente as horas sindicais) catro ou máis días non percibirá esta paga.

En caso de absentismo por horas e non por xornada completa, estas sumáanse ata acumular xornada enteira.

ART 33º PLUS DE COMPLEMENTO FUNCIONAL DE CONDUCTOR

Para condutores, e en función dos seus traballos de apoio no depósito de vehículos (movemento de vehículos, aproveitamento de espazos, e aquelas labores de apoio en tratamento organizativo de vehículos por necesidades xustificadas do servizo) un plus de 26€ no ano 2016 e de 35€ no 2017. Este plus está en función dos meses efectivos de traballo.

ART 34º PAGAMENTO DE SALARIOS

O pagamento dos salarios mensuais, farase efectivo dentro dos dous últimos días do mes ao que corresponda o salario, no caso de que excepcionalmente non se puidera realizar notificaríase aos delegados de persoal.

Utilizarase un recibo de salarios segundo modelo oficial.



CAPITULO IV. MELLORAS SOCIAIS**ART 35º COMPLEMENTOS POR I.T****1.—ACCIDENTE**

A empresa complementará as prestacións que percibe o traballador nos casos de baixa por accidente laboral, ata o 100% do salario bruto mensual, a partir do primeiro día de baixa.

2.—ENFERMIDADE

A empresa complementará ás prestacións que perciba o traballador, nos casos de baixa por enfermidade común que requira hospitalización e mentres dure a mesma, ata o 100% do salario bruto mensual e na totalidade dá primeira baixa do ano. Na segunda baixa anual complementarase, nas mesmas condicións, os 30 primeiros días dá baixa.

Os días de baixa por accidente laboral non penalizan ás pagas extras, así como a primeira baixa por enfermidade común e os 30 primeiros días dá segunda baixa por enfermidade común, non se reportará no resto dos supostos.

ART 36º POLIZA DE ACCIDENTES DE TRABALLO

A empresa comprométese a subscribir unha póliza de seguro por accidente de traballo que garanta ao traballador ou aos seus causa-habientes, as seguintes indemnizacións.

- Falecemento por accidente laboral: 16.500 €
- Invalidez absoluta, grande invalidez ou Morte derivada por enfermidade profesional: 25.000 €

A devandita póliza entrará en vigor aos quince días da sinatura do convenio.

ART 37º RETIRADA DO CARNE DE CONDUCIR

No caso de que un traballador con categoría de condutor de guindastre ou peón especializado, realizando o seu labor, con vehículo dá empresa e cumprindo a función encomendada, fóselle retirado provisionalmente o permiso de conducir, a empresa asinaralle outro posto de traballo, aínda de inferior categoría, aboando a retribución correspondente o devandito posto, máis antigüidade e sempre que non concorran os seguintes casos:

a) Que a privación do permiso de conducir derive de feitos acaecidos no exercicio dá actividade de conducir alleo á empresa, exceptuando cando se produza en itinere con vehículo particular, sempre que non constitúa delito contra á seguridade do tráfico.



b) Que a privación do carné de conducir por puntos sexa como consecuencia da perda dos últimos catro puntos no seu posto de traballo, sempre que o traballador perdesse máis do 50% dos puntos no exercicio da actividade de conducir alieo ao traballo.

c) Que a privación do carné de conducir sexa consecuencia de inxerir bebidas alcohólicas ou tomado algún tipo de estupefacientes, fora da xornada laboral incluído en itinere.

Nestes casos o traballador collerá unha excedencia forzosa no tempo que lle sexa retirado o permiso de conducir coa reserva do seu posto de traballo, o reingreso deberá ser solicitado con 30 días de antelación.

ART 38º CONFLICTOS COS USUARIOS

En caso de conflitos que adquiren estado xudicial, dos empregados da empresa con usuarios do servizo deste, aquela proporcionará avogado e procurador e sufragase os gastos que estes orixinen, para que defendan o traballador ou traballadores implicados.

Todo traballador que teña que asistir ao xulgado fóra da súa xornada laboral, por incidentes cos usuarios e accidentes de tráfico acontecidos na xornada laboral, este descansará catro horas nun prazo máximo dun mes sempre que coincida dita citación cas quendas de mañan, serán e con libranza.

Cando o traballador teña a súa quenda de noite, este descansará a noite anterior de ir o xulgado.

ART 39º AXUDA FAMILIAR

Os traballadores afectados polo presente convenio, que teñan ao seu cargo a unha persoa diminuída psíquica ou física, de acordo coas estipulacións requiridas pola Seguridade Social, e logo de xustificación, percibirán un complemento extrasalarial de 70 € mensuais.

Esta cantidade será constante na vixencia do convenio.

ART 40º AXUDA ESCOLAR

Aqueles traballadores con fillos, con idades comprendidas entre os 3 e os 18 anos, que se atopen cursando estudos oficiais e debidamente xustificadas mediante a presentación da matrícula, percibirán anualmente no mes de setembro o importe de 100 € ou a súa parte proporcional o tempo traballado co fin de compensar os gastos de matriculación escolar, material escolar, etc...

Esta cantidade será constante nos dous anos de vixencia do convenio.



ART 41º PRESTAMOS

Establécese a creación dun fondo para prestamos por un importe de 18.000 €, do cal iranse concedendo, logo de solicitude por escrito que visaran Empresa e Delegados de Persoal e que se realizará nun modelo que se estableza ao efecto, prestamos cuxo importe máximo por traballador será de 1500 € e mínimo de 400€.

A devolución se detraerá das nóminas a razón de 100€ por mes podendo este reintegrar a diferenza en calquera momento sen necesidade de esgotar o prazo das mensualidades e deberá transcorrer un mínimo de dous meses entre a finalización do abono do empréstimo e a solicitude doutro novo polo mesmo traballador. Cando se esgote a cantidade fixada, non se darán mais prestamos, ata que non se vaian reintegrando ás cantidades xa entregadas.

ART 42º XUBILACION ANTICIPADA

Establécese un sistema de indemnización no caso de xubilación anticipada, voluntaria e de mutuo acordo entre a empresa e traballador conforme á seguinte escala:

- Xubilación aos 62 anos: 5 mensualidades
- Xubilación aos 63 anos: 4 mensualidades
- Xubilación aos 64 anos: 3 mensualidades
- Xubilación aos 65 anos: 2 mensualidades
- Xubilación aos 66 anos: 1 mensualidade.

As mensualidades aboaranse con independencia dos anos de servizo á empresa.

ART 43º ROUPA DE TRABALLO

Os traballadores percibirán como dotación de roupa de traballo as seguintes prendas de uso obrigatorio coa periodicidade que se detalla.

— *Condutores e peons:*

BIANUALMENTE:

VERAN:

- Dous polos de teixidotérmicocolmax
- Dous pantalónsbielástico IBQ de verán.
- Un par de botas de teixidosimpatex ou goretex.
- Un xersei fino.
- Unha cazadora con norma EN471 ou superior.
- Lúas segundo gasto do persoal



INVERNO:

- Dous polos de manga longa de tecido térmico colmax
- Dous pantalóns bielásticos IBQ de inverno.
- Un par de botas de tecido simpatex ou goretex
- Un xersei de inverno.
- Lúas segundo gasto do persoal

CATRO ANOS:

- Un traxe de augas composta por un anorak dous cuartos de goretex e un pantalón de augas do mesmo tecido.
- *Controladores depósito:*
 - Un forro polar
 - Un xersei
 - Un pantalónbielastico IBQ liso de verán
 - Un pantalónbielastico IBQ liso de inverno
 - Dúas camisas de manga curta para o verán.
 - Dúas camisas de manga larga para o inverno
 - Un par de zapatos para o verán.
 - Un par de botas para o inverno.

As roupas de traballo e calzado serán renovables de ano en ano, agás o forro polar e o pantalón que serán renovables cada dous anos.

Ase mesmo a roupa será elixida pola empresa achegando aos representantes dos traballadores a certificación da calidade da mesma.

Dotárase a cada guindastre dunha linterna para a realización de traballos nocturnos.

As datas de entrega serán como se indica:

Verán: 2 de Maio

Inverno: 1 de Outubro

En caso de producirse a baixa do traballador na empresa por calquera motivo, estará obrigado a entregar a roupa que teña en existencia.



En referencia as prendas a entregar elaborárase un catálogo de prendas de traballo por puntos e a cantidade de puntos por traballador que se elaborará entre representantes da empresa e dous traballadores, desta maneira o empregado poderá decidir as prendas que máis se axusten ás súas necesidades.

Poderase solicitar a crédito un máximo de 50 puntos. Así mesmo os puntos sobrantes acumularanse para vindeiras entregas.

ART. 44º EXCEDENCIAS:

Os traballadores/as cun ano de servizo na empresa poderán solicitar excedencia voluntaria por un prazo superior a seis meses e inferior a cinco anos. Coa reserva do seu posto de traballo.

Os traballadores que gozasen dunha excedencia voluntaria e queren acollerse a outra deberán deixar transcorrer cando menos dous anos dende o remate da primeira excedencia para que a empresa lla conceda, agás nos casos de maternidade e paternidade.

As peticións de excedencia serán pedidas polo traballador como mínimo 30 días antes da data da excedencia e serán resoltas pola empresa nun prazo máximo de quince días antes da data do inicio da excedencia,

Se o traballador/a non solicitase o reingreso cun aviso previo de 30 días, perderá o dereito do posto na empresa, sendo admitido inmediatamente no caso de cumprir tal requirimento na mesma categoría e posto que tiña cando a solicitou.

Os traballadores/as que soliciten excedencia como consecuencia de ter sido nomeados para ou exercicio de cargos públicos e sindicais, non necesitarán dun ano de antigüidade para a solicitar, concedéndose nestes casos; serán admitidos inmediatamente ao cumprir ou seu mandato, neste suposto e durante ou tempo de excedencia computarase a antigüidade.

ART. 45º PROTECCION Á MATERNIDADE

Atenderase a ou longo da vixencia do convenio ou regulado ao respecto na lexislación vixente.

ART 46º XUBILACION PARCIAL

Atenderase a ou longo da vixencia do convenio ou regulado ao respecto na lexislación vixente.



ART. 47º IGUALDADE DE CONDICIONS:

Prohíbese toda discriminación, por razón de sexo ou idade dos traballadores/as en materia salarial, cando desenvolvan traballos de igual valor ou categoría, así como en materia de promoción, ascensos, xornada, etc.

ART. 48º DELEGADOS DE PERSONAL:

De acordo co artigo 68 do Estatuto dous Traballadores, os membros do comité de empresa e os delegados de persoal disporán dun crédito de 15 horas mensuais retribuídas, para o exercicio dous seus labores de representación.

No ámbito da empresa, os delegados poderán ceder todo ou parte do seu crédito de horas, que a lei en cuestión lles recoñece, en favor doutro ou outros delegados ou membros do comité, exceptuándose os meses en que están de vacacións.

Para que iso se faga a efecto, a cesión de horas terá que ser presentada por escrito, con 48 horas de antelación o inicio do turno.

A empresa pora a disposición dos representantes dos traballadores un local non exclusivo nas dependencias do depósito ou oficina, dotado dun armario con chave, para o desenvolvemento da actividade sindical propia dos traballadores. O horario de uso será acordado coa empresa.

ART. 49º RENOVACION PERMISO DE CONDUCIR

A empresa aboara 60€ para a renovación do permiso de condución para o persoal de grúa e peón especialista, sempre que utilice vehículo de la empresa, cada vez que corresponda su renovación. Así mesmo, facilitaralle aos traballadores o tempo indispensable para a súa renovación.

CLAUSULA ADICIONAL

Incremento salarial sobre os conceptos da taboa salarial

O INCREMENTO SALARIAL PARA O ANO 2016 SERA 1,50%

O INCREMENTO SALARIAL PARA O ANO 2017 SERA 1,50%.



CATEGORIAS	SALARIO BASE (366 DÍAS)	P. ASISTENC. (238 DÍAS)	PLUS EXTRASALA. (238 DÍAS)	PAGAS EXTRAS (VER.-NAV.)	PAGA COMPENS. SOCIAL	TOTAL SALARIO ANUAL
ENCARGADO	57,37	1,14	4,18	1.721,10	1.721,10	27.369,51
CONDUCTOR-OFICIAL 1ª	40,67	1,14	4,18	1.220,10	1.220,10	19.811,68
CONTROL.DEPÓSITO	40,05	1,14	4,18	1.201,50	1.201,50	19.528,96
PEÓN ESPECIALIZADO	40,05	1,14	4,18	1.201,50	1.201,50	19.528,96
AUX. ADMINISTRATIVO	1.201,21	33,52	104,91	1.201,21	1.201,21	19.679,31

Vigo, 26/07/2016.—O xefe territorial, Ignacio Rial Santomé.



www.cigservizos.org

